

ANUNCIO

ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE VAL DE CAMBA (RODEIRO - PONTEVEDRA)

Comunícase a todas as persoas interesadas que se vai redactar o proxecto de obras de mellora das entradas ás novas fincas.

O proxecto incluírá as obras de desmonte ou terraplenado necesarias **para construír as entradas ás fincas (ramplas) e o estendido dos cordóns de terra acumulados pola apertura dos camiños.**

As persoas propietarias que así o consideren, poderán solicitar que se executen este tipo de obras nas súas novas fincas ata o día 19.12.2023, inclusive, indicando claramente o número de cada finca e describindo as obras solicitadas en cada unha delas e a súa necesidade.

As solicitudes deberán presentarse por escrito no Rexistro da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios previstos na normativa vixente, dirixidas ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra. No caso de presentar a solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia utilizarase o modelo xenérico PR004A.

As solicitudes presentadas serán estudadas e valoradas e non terán carácter vinculante.

Pontevedra, data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
María José Pérez Gil

